



A TENDA DE MÚSICA

A pequena tendiña de música estaba situada nas aforas do pobo no que vivía. Había que recorrer milleiros de labirintos formados por rúas rodeadas de casas medio en ruínas. Pero eu sempre estaba alí, nunca marchaba. Era unha tenda humilde levada por unha agradable señora. Tiña o pelo canoso recollido nun moño cunha pinza de plástico de cor granate, ao igual que a súa chaqueta de la. Os seus ollos eran grisáceos, pero sempre tiña un sorriso na cara que facía que se achinaran e se engurraran dificultando que se viran. A tenda tiña o chan e as paredes de madeira cunha ventá ocupando gran parte da parede do fondo. Estaba chea de instrumentos de todas as clases: guitarras, baterías, tambores, pandeiretas, maracas, teclados, xilófonos, marimbas... Aínda que era pequena, alí dentro había todo o que te puideras imaxinar. O mostrador onde a señora dependenta estaba era de madeira aparentemente vella, gastada, cunha cor pálida. As superficies da tenda tiñan unha fina capa de po que por moito que a señora intentaba limpar sempre volvía a aparecer ao día seguinte.

De cando en vez vía á xente pasar cerca da tendiña, pero ninguén entraba nunca, eran rúas moi pouco transitadas e vellas, con imperfeccións nas pedras das belrarrúas. Eu sentíame mal pola señora, sempre esperaba con ese característico sorriso seu, pero ninguén podía vela, excepto eu.

Pasaban os días, un tras outro. Todos parecían iguais, seguían a mesma rutina de sempre: ábrese a tenda, a xente pasa de largo, péchase a tenda. Ata aquel día. Escoitei soar os cascabeis colgados na porta. Era un rapaz pequeno, duns oito anos. Tiña o cabelo castaño e curto co flequillo cara a un lado. Centos de pecas cubrían a súa cara como se se tratase dos grans de area dunha praia. Era bastante delgado e bastante baixo para a súa idade. Tiña un sorriso debuxado no rostro e faltáballe un dente, que empezaba a sobresaír pola encía.

Foi xusto nese momento. Miroume. Nunca ninguén me mirara con esa alegría e emoción tan sinceras. Foi achegándose a min, paso a paso, sen deixar de mirarme con eses ollos brillantes e inocentes. A señora sorríalle, notábaselle agradecida por ter ao fin un cliente despois de tantos anos. Parecía que incluso ía romper a chorar en calquera momento, pero aguantou.

O neno estaba a escasos centímetros de min. Sentou na banquetta que sempre teño diante e, sen máis, subiu a miña tapa e pousou as súas mans suavemente sobre as miñas teclas. Baixou o dedo índice da súa man dereita facendo soar o re máis fermoso que escoitei na miña vida.

De súpeto, o neno levantou o dedo, rápido, coma se se queimara. Xirou a cabeza, dirixíndoa á dependenta, e rindo díxolle:

-Podo tocalo?

A cara da señora iluminouse máis que o sol, e con énfase asentiu coa cabeza de arriba a abaixo. Achegouse con cariño ao rapaz e con ese encantador sorriso, díxolle:

-Queres que che ensine a tocar algo?

Pasaron as horas e eu era o plano máis feliz do mundo. O cariño e a graza das mans dese neno sobre as miñas teclas era a sensación máis acolledora do universo. Pasou a tarde e o neno volveu á súa casa co sorriso máis grande que xamais vín.

Eu quedel triste, pensando que ese ía ser o primeiro e o último día que ía ser tocado. Pero o neno volveu. Esta vez trouxo a todos os seus amigos. Eu non daba creto ao que vía. Todos tocaban felices o instrumento que máis lles chamou a atención. Houbo mares de risas toda a tarde. Non podía estar máis feliz.

Esta foi a historia de cómo aquela tendiña esquecida no medio das rúas vellas converteuse no lugar de xogo estrela para os nenos. Xamais volveu a estar baleira, nin unha soa vez. Nunca vira á señora tan contenta, e enténdoa, eu tampouco estiven tan feliz de que, por fin, alguén tocara as miñas notas, xa cáseque esquecidas.